

CERTIFICACIÓN

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria xeral do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 20 de febreiro de 2025, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO SEGUNDO. APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS EN ESPECIE PARA ASOCIACIÓNS E COMISIÓNS DE FESTAS NO CONCELLO DE AMES NO EXERCICIO 2025. EXPEDIENTE GD 649/2025.

Dentro do Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2023-2025, (tras a cuarta e última modificación aprobada polo Pleno do Concello o 26.09.2024) están previstas dentro das subvencións en materia de Cultura estas axudas en especie cun importe de 24.000 euros para as anualidades 2024-2025.

LIÑA DE SUBVENCIÓN	SUBVENCIÓNS EN ESPECIE PARA FESTAS E ACTIVIDADES
OBXECTIVOS	Fomentar a celebración das Festas e colaborar na súa organización, facendo mais doada a labor que está a desenvolver o tecido asociativo e as comisións de festas coa colaboración e a concesión de actuacións de grupos de música e baile tradicional e agrupacións corais.
EFFECTOS PRETENDIDOS	A difusión da imaxe de Ames a través da súa oferta festiva, de xeito que esta sirva como elemento de dinamización de cada unha das parroquias en que se celebren festas, así como de atracción de visitantes de cara aos vindeiros exercicios.
DESTINATARIOS	Asociación culturais ou veciñais, comisións de festas e outras entidades ou colectivos de Ames, ou que organicen actividades orientadas á dinamización sociocultural municipal .
PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	2024-2025
CUSTE ANUAL PREVISTO 2023	0,00
CUSTE ANUAL PREVISTO 2024	24.000 euros
CUSTE ANUAL PREVISTO 2025	24.000 euros
ECONÓMICA	338
FUNCIONAL	22609
FINANCIAMENTO	Fondos propios con cargo á funcional sinalada
PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Concorrenza non competitiva

Figura Providencia da Alcaldía de inicio do expediente.

Figura no expediente informe proposta da Concellaría de Cultura sobre as bases e a convocatoria das axudas do 17.02.2025, ([CSV:15220IDOC2212842F2DF5E914793](https://sede.concellodeames.gal)).

Figura informe de Secretaría sobre o procedemento e lexislación aplicable do 18.02.2025 (CSV:15220IDOC2BF0BECDF69A9334899).

Figura informe de fiscalización favorable da Intervención municipal (informe 54/2025 do 18.02.2025) (CSV:15220IDOC2270A94B87AB84D46A9).

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do Alcalde (decreto 1983/2023 BOP nº 120 do 26.06.2023) por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. *Aprobar as bases e a convocatoria de axudas en especie para asociacións e comisións de festas no Concello de Ames no exercicio 2025, que figuran como Anexo I deste acordo.*

Segundo. *Aprobar o gasto por importe de 24.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 338.22609 do orzamento municipal do exercicio 2024 prorrogado para 2025.*

Terceiro. *Publicar o presente acordo seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da LXS, a través do envío do estrato da convocatoria á Base Nacional de Subvencións quen o remitirá ao BOP. As bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Ames.*

Cuarto. *Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.*

Quinto. *Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.*

ANEXO I

CONVOCATORIA DE AXUDAS EN ESPECIE PARA ASOCIACIÓNS E COMISIÓNS DE FESTAS DO CONCELLO DE AMES 2025

Concellaría	Cultura
Anualidade	2025
Denominación	Axudas en especie para asociacións e comisións de festas do concello de Ames no exercicio 2025
Beneficiarios	Asociación culturais ou veciñais, comisións de festas e outras entidades ou colectivos de Ames, ou que organicen actividades orientadas á dinamización sociocultural municipal .
Aplicación orzamentaria	338-22609
Importe da convocatoria	24.000,00 €

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Ames, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades culturais coa finalidade de exista no concello unha programación festiva estable dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, programada e desenvolvidas polas comisións de festas de cada parroquia, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades a desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.

1.- BASES XERAIS

O Concello de Ames aprobou a ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames que recolle o contido xeral das bases das subvencións convocadas polo Concello (Boletín Oficial da Provincia número 23 do 4 de febreiro de 2025).

2.- BASES ESPECÍFICAS

BASE 1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para que as asociacións, comisións de festas e outras entidades ou colectivos de Ames, ou que organicen actividades orientadas á dinamización sociocultural municipal, poidan solicitar axudas en especie consistentes en actuacións das agrupacións de música tradicional ou corais do concello de Ames durante o 2025 que estean inscritas no Programa de agrupacións de música tradicional ou Corais do Concello de Ames.

1.1 OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS OU DE PRIMEIRO NIVEL.

1. A existencia dunha programación festiva estable dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, programada e desenvolvidas polas comisións de festas de cada parroquia, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades a desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.
2. A participación activa da veciñanza nas festas, como medio de propiciar a convivencia entre os veciños.
3. A preservación das tradicións existentes nas distintas parroquias do Concello, transmitidas a través dos festexos populares.
4. A difusión da imaxe de Ames a través da súa oferta festiva, de xeito que esta sirva como elemento de dinamización de cada unha das parroquias en que se celebren festas, así como de atracción de visitantes de cara aos vindeiros exercicios.

1.2 OBXECTIVOS INSTRUMENTAIS OU DE SEGUNDO NIVEL.

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos, establécense as seguintes liñas de actuación:

1. Primar no reparto de achegas o número de persoas residentes en cada lugar de celebración, como indicador obxectivo.
2. Que o protagonismo no impulso, desenvolvemento e financiamento dos festexos sexa asumida pola propia veciñanza, como medio para acadar a máxima implicación no seu mantemento.
3. Poñer a disposición do Concello información completa e actualizada das asociacións sen ánimo de lucro do municipio, co fin de promover unha relación fluída cas mesmas, e posibilitar o deseño de políticas eficaces que permita dinamizar a actividade particular en materia de cultura que resulte complementaria cas competencias atribuídas ao Concello nesta materia.
4. Tecer Redes entre as entidades organizadoras das festas e as agrupacións de música tradicional e coral do Concello de Ames.

BASE 2.- RÉXIME XURÍDICO

En todo o non previsto na presente convocatoria estarase ao disposto as seguintes normas:

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas polo Concello de Ames está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

- *Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.*
- *Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.*
- *Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.*
- *Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.*
- *Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames (Boletín Oficial da Provincia número 23 do 4 de febreiro de 2025).*
- *Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Ames.*
- *Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Ames do 1 de xullo de 2006, BOP núm. 198 do 29 de agosto de 2006.*

BASE 3.-OBJECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto da subvención é o de conceder axudas en especie consistentes en actuacións das agrupacións de música tradicional ou corais do concello de Ames durante o 2025 que estean inscritas no Programa de agrupacións de música tradicional ou Corais do Concello de Ames.

BASE 4.- FINANCIAMENTO E CRÉDITOS ORZAMENTARIOS

O crédito reservado nesta convocatoria ascende á cantidade de 24.000€ da aplicación orzamentaria 338-22609 coa seguinte desagregación:

Co fin de optimizar os recursos e para garantir a estabilidade e viabilidade dos orzamentos, márcanse asignacións económicas máximas por parroquias. As asociacións culturais ou veciñais e comisións de festas que organizan os festexos dentro dunha mesma parroquia, terán que coordinarse entre si e realizar a súa solicitude de programación cumprindo os requisitos e as normas que se expoñen a seguir:

- *Parroquias de menos de 500 hab.: Máximo 2 actuacións. Límite orzamentario 1.000€*
- *Parroquias de 500 - 3000 hab.: Máximo 5 actuacións. Límite orzamentario 3.000€*
- *Parroquias de máis de 3000 hab.: Máximo 8 actuacións. Límite orzamentario 4.000€*
- *Entidades organizadoras de eventos de interese sociocultural ao marxe dos festexos populares: 1 actuación. Límite orzamentario 500€*

No caso de que a suma do importe das actuacións adxudicadas non superase o orzamento máximo da convocatoria (24.000€), co sobranse poderanse valorar novas solicitudes presentadas fóra de prazo, aínda excedendo o número máximo de actuacións e límite orzamentario asignado a cada parroquia tal e como se establece nesta base. Estas novas solicitudes serán resoltas mediante o procedemento de concesión en réxime de avaliación individualizada, por orde de entrada no rexistro.

BASE 5.- BENEFICIARIOS

Poderán optar a estas subvencións as asociacións culturais ou veciñais, comisións de festas e outras entidades ou colectivos de Ames, ou que organicen actividades orientadas á dinamización sociocultural municipal, e que cumpran os requisitos xerais que se sinalan a continuación:

5.1. Requisitos xerais

Os beneficiarios/as de subvencións convocadas polo Concello de Ames deberán cumprir en todo caso os seguintes requisitos:

1. *Non estar incurso/a en ningún dos supostos aos que se refiren os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2033, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións*
2. *Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Ames.*
3. *Non ter pendente a xustificación dalgunha subvención anterior, a non ser que lles fose concedida unha prórroga*

BASE 6.- GASTOS SUBVENCIONABLES

6.1. Gastos subvencionables

As actuacións das agrupacións de música tradicional ou corais do concello de Ames durante o 2025 que estean inscritas no Programa de agrupacións de música tradicional ou Corais do Concello de Ames.

6.2. Ámbito temporal

As actuacións para as que se solicite a subvención municipal **deberán executarse dentro do exercicio 2025.**

BASE 7.- COMPATIBILIDADES E EXCLUSIÓN

As subvencións que se outorguen serán compatibles con outras axudas, ingresos ou recursos que para a mesma finalidade poidan conceder outras Entidades públicas ou privadas.

En ningún caso o importe da axuda concedida poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou outros recursos supere o custo total da actividade financiada.

BASE 8.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

8.1. Publicidade da convocatoria

O extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña previa remisión do mesmo á Base de Datos Nacional de Subvencións, de conformidade co establecido nos artigos 17.3.b e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións.

As bases xunto coa convocatoria desta subvención publicaranse na páxina web do Concello de Ames e remitiran-se tamén á Base de Datos Nacional de Subvencións.

8.2. Prazo de presentación

Aos efectos de coordinación na tramitación das concesións e ordenación das distintas solicitudes establécense dous prazos para solicitar ditas actuacións.

1º prazo. Para as festas e eventos que se celebren nos meses de xaneiro ata agosto, deberán facer a solicitude dende o día seguinte ao da publicación do extracto no Boletín Oficial da Provincia, ata o 15 de maio.

2º prazo. Para as festas que se celebren nos meses de setembro a decembro, antes do 31 de xullo.

Para as solicitudes presentadas fora destes prazos tramitarase a concesión da axuda sempre e cando exista dispoñibilidade orzamentaria.

8.3. Lugar de presentación

De acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse coas administracións públicas a través de medios electrónicos.

As solicitudes, xunto co resto da documentación, presentarase na sede electrónica do Concello de Ames (<https://sede.concellodeames.gal/GDCarpetaCiudadano/welcome.do>) mediante os modelos normalizados que se inclúen como anexos á presente convocatoria. Igualmente poderá presentarse no Rexistro electrónico do Punto de Acceso Xeral do Estado (REC), ao que poderá acceder desde o enlace dispoñible na sede electrónica do Concello de Ames.

8.4. Documentación

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases:

ANEXO 1	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Na que farán constar o nome da agrupación que solicitan, festexo para o cal fai a solicitude, datas e lugares fixados para o desenvolvemento da actividade, tipoloxía da actuación (actuación nun escenario, animación dun evento, procesión, pasarrúas, pasarrúas e actuación na rúa) e o tempo estimado da actuación que en ningún caso poderá superar as 2 horas e media, salvo acordo entre as partes. As Asociacións culturais ou veciñais e comisións de festas non poderán solicitar dúas actuacións da mesma agrupación musical para a mesma festa.
ANEXO 2	DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA QUE OSTENTA A REPRESENTACIÓN LEGAL DA ENTIDADE OU DOS INTEGRANTES DA COMISIÓN DE FESTAS

Deberá presentarse solicitude para cada ocasión ou exercicio no que se pretenda obter unha axuda. O feito de presentar unha solicitude para un exercicio non implicará que se considere presentada para exercicios posteriores.

BASE 9.- COMPROMISOS E OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS/AS

9.1. Compromisos e obrigas xerais

As entidades beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria estarán obrigadas a:

- Cumprir o obxectivo e realizar a actividade que fundamenta a concesión de subvención.

- *Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizarse, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores ao solicitante, ou no seu caso, calquera membro da Xunta Directiva da entidade deberá dar conformidade aos traballos ou subministracións realizadas pola empresa, asinando e selando o documento que a mesma lle presente.*
- *Facer constar expresamente e de forma visible en calquera dos medios e materiais que utilicen para a difusión das actividades subvencionadas, que as mesmas se realizan co financiamento do Concello de Ames.*
- *Facilitar canta documentación lle sexa requirida polo Concello aos efectos de seguimento e avaliación do proxecto.*
- *Proceder ao reintegro, previos os trámites pertinentes, se incorrese nalgúns dos supostos contemplados na Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións.*
- *A concesión estas axudas en especie non exime do cumprimento da normativa que sexa de aplicación á actividade en concreto de que se trate, así como a tramitación e obtención, no seu caso, das autorizacións e licenzas que procedan.*
- *Solicitar todo tipo de autorización ou licenza que corresponda para o desenvolvemento da actividade.*
- *Empregar no exercicio das súas actividades unha linguaxe non sexista, unha comunicación inclusiva e non empregar a imaxe das mulleres como reclamo ou con connotacións de tipo sexual ou denigrante, segundo o que dispón o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia sobre Igualdade.*
- *Cando as actividades afecten a menores de idade o persoal ao que corresponda a realización das mesmas cumprirá o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.*

9.2. Compromisos e obrigas específicos desta convocatoria

As asociacións culturais ou veciñais e comisións de festas organizadoras terán que velar polo correcto desenvolvemento das actuacións, así como do bo estado, limpeza e correcto acondicionamento dos espazos nos que terán lugar as actuacións.

Difundir adecuadamente as actuacións concedidas, indicando expresamente nos soportes de difusión (carteis, cuñas radiofónicas, páxina web, redes sociais...), a colaboración do Concello de Ames, ou que a actuación foi financiada polo Concello de Ames. Todos os soportes de difusión e materiais publicitarios deberán realizarse en lingua galega.

BASE 10.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

A concesión da subvención realizarase en réxime de concorrencia competitiva.

10.1. Instrución

- *A instrución do procedemento de concesión das subvencións corresponde á Concellaría delegada en materia de Cultura, que terá o carácter de órgano instructor aos efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.*
- *O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.*
- *De conformidade co disposto no artigo 24.3 da Lei Xeral de Subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:*
 1. *Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.*
 2. *Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuadas de conformidade cos criterios, formas e prioridades de valoracións establecidos en esta base.*
- *Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instructor requirirá ao interesado para que emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, no prazo máximo de 10 días hábiles, indicándolle que, se non o fixera, se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolucións que deberá ser ditadas nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*
- *Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que achegue a información e documen-*

tación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

10.2. Comisión avaliadora

Non se constitúe comisión avaliadora xa que as axudas en especie concederanse en réxime de avaliación individualizada, dada a natureza excepcional destas axudas que pretende fomentar a organización e desenvolvemento de actividades en calquera momento do ano.

10.3 Criterios de valoración das solicitudes

As axudas ás que se refire a presente convocatoria serán resoltas mediante o procedemento de concesión en réxime de avaliación individualizada, dada a natureza excepcional destas axudas que pretende fomentar a organización e desenvolvemento de actividades en calquera momento do ano.

Dado que os potenciais beneficiarios da axuda teñen especial dificultade para coñecer con antelación a data na que van poder desenvolver as actividades propostas, non existe posibilidade de efectuar unha valoración comparativa entre as solicitudes que se presenten no marco dun procedemento de concorrencia competitiva, non podendo establecerse outro elemento de prelación que a orde cronolóxica de entrada das solicitudes cos límites cuantitativos que se indican a continuación.

Co fin de optimizar os recursos e para garantir a estabilidade e viabilidade dos orzamentos, márcanse asignacións económicas máximas por parroquias. As asociacións culturais ou veciñais e comisións de festas que organizan os festexos dentro dunha mesma parroquia, terán que coordinarse entre si e realizar a súa solicitude de programación cumprindo os requisitos e as normas que se expoñen a seguir:

- Parroquias de menos de 500 hab.: Máximo 2 actuacións. Límite orzamentario 1.000€
- Parroquias de 500 - 3000 hab.: Máximo 5 actuacións. Límite orzamentario 3.000€
- Parroquias de máis de 3000 hab.: Máximo 8 actuacións. Límite orzamentario 4.000€
- Entidades organizadoras de eventos de interese sociocultural ao marxe dos festexos populares: 1 actuación. Límite orzamentario 500€

10.4. Prazo de resolución e notificación

A concesión notificaráselle a todos os solicitantes no prazo de 15 días desde o remate dos prazos de presentación de solicitudes, salvo no caso dos festexos que teñan lugar antes de finalización dos prazos de solicitude que se tramitarán no prazo máis breve posible.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses, que se computarán a partir do día seguinte as dúas datas límite de solicitude que constan nesta convocatoria.

Entenderase desestimada a solicitude, cando transcorrido devandito prazo (3 meses) non recaese resolución expresa, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei 39/2015, sen prexuízo da obrigaón de resolver expresamente que impón o artigo 21 do mesmo texto legal.

A notificación efectuarase nos termos establecidos no artigo 42 da lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

10.5. Recursos

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou. A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo sinalado no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (un mes desde a notificación da resolución de concesión da subvención). A interposición do recurso contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa (dous meses desde a notificación da resolución de concesión da subvención).

10.6. Modificación ou renuncia á subvención

Calquera cambio que se necesite realizar para o desenvolvemento das actividades para as que se solicita subvención, deberá ser solicitado por escrito ao órgano competente, cunha antelación mínima de 7 días hábiles con respecto á data prevista para a realización da actividade, debendo estar debidamente xustificado por causa razoable. Se a solicitude de modificación obedece a predición meteorolóxica adversa no día da actividade, esixírase unha antelación de 3 días hábiles e a presentación de parte meteorolóxica, acompañando a solicitude de modificación. Só se admitirá unha modificación por actividade.

A modificación, renuncia e anulación acordaranse polo mesmo órgano competente para conceder a subvención, previa instrución de expediente e informe proposta debidamente motivado do órgano instructor.

BASE 11.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

11.1 Documentación xustificativa e tramitación da xustificación

A xustificación do cumprimento da actividade para a que se concedeu a subvención presentárase unha vez rematado o exercicio correspondente e en todo caso antes da convocatoria de axudas do ano seguinte polo servizo de cultura, indicando os grupos e datas das actuacións (ANEXO 2). A conta xustificativa elaborada polo servizo de cultura será aprobada pola Xunta de Goberno Local.

11.2. Pagamento

Por tratarse de axudas en especie, o pagamento realizarase directamente as agrupacións de música tradicional ou corais do concello de Ames que estean inscritas no Programa de agrupacións de música tradicional ou Corais do Concello de Ames e contén con un contrato tramitado ao efecto.

Desta forma os beneficiarios das axudas non percibirán cantidade económica. Isto implica que unha vez sexa concedida a axuda porase a disposición dos beneficiarios os servizos previamente autorizados, sendo o Concello quen efectuará directamente o pago á empresa adxudicataria contra a presentación da correspondente factura unha vez comprobada a efectiva prestación do servizo ás entidades beneficiarias para a finalidade que fundamentou a concesión da subvención.

BASE 12.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.

BASE 13.- RÉXIME SANCIONADOR

O beneficiario/a quedará sometido ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames.

No caso de **incumprimento dos prazos de xustificación**, adecuaranse ao previsto no capítulo VI da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames.

Ata un mes de atraso: 75€.

Entre un e tres meses de atraso: 300€.

Mais de tres meses de atraso: 600€.

BASE 14.- ÓRGANOS DE CONTROL DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo.

BASE 15.- CONTROL POSTERIOR POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL

O control posterior das subvencións concedidas axustarase ao que cada ano se recolla no Plan Anual de Control Financeiro aprobado polo órgano interventor.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- PUBLICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS E INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistro público de subvencións, nos seguintes termos:

- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
- En cumprimento do disposto no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia o Concello remitirá Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia
- Do mesmo xeito, e por aplicación do disposto no artigo 18 do RD 887/06, advírtese que o Concello de Ames publicará as subvencións concedidas, expresando na mesma o nome ou razón social do beneficiario/a, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e cantidade concedida.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS

O Concello de Ames é o responsable do tratamento dos datos persoais recadados nesta convocatoria. Os datos serán tratados coa finalidade específica de tramitar a convocatoria de axudas en especie para asociacións e comisións de festas no exercicio 2025, verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.

A lexitimación do tratamento está baseada nunha misión realizada en interese público, fundamentada na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os datos da subvención concedida e a identificación dos/das beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, ca exclusiva finalidade prevista en dito precepto. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia. A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento e en base á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas publicarase a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.

Máis información en <https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais>

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames, nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no seu Regulamento.

DATA DE SINATURA: 20/02/2025
HASH DO CERTIFICADO: 94794F58078E1G456C0177DD6EC026B3B160625F2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: Secretaría
Alcalde

NOME: PRADA QUEIPO, ROSA ANA
GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC21040402AC69CD47BD

CONVOCATORIA DE AXUDAS EN ESPECIE PARA ASOCIACIÓNS E COMISIÓNS DE FESTAS DO CONCELLO DE AMES NO EXERCICIO 2025

ANEXO 1.

SOLICITUDE DE AXUDAS EN ESPECIE PARA ASOCIACIÓNS E COMISIÓNS DE FESTAS DO CONCELLO DE AMES NO EXERCICIO 2025

DATOS DO PRESIDENTE/A DA ENTIDADE:

Nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude (Presidente/a da entidade)	
NIF	
Enderezo	
Municipio	
Teléfono	
Enderezo electrónico	

Actuando en representación de (DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE):

Nome da entidade	
CIF	
Enderezo	
Municipio	
Enderezo electrónico	

DECLARO:

- Que acepto as bases da convocatoria
- Que a entidade representada por min está ao corrente das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Ames e non está incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiaria dunha subvención ao abeiro da presente convocatoria, comprometéndose a manter esta situación ate a completa resolución do expediente.
- Que nin eu nin a entidade por min representada estamos incurso en ningunha circunstancia que impida o acceso á condición de beneficiario/a dunha subvención pública.
- Que se somete ás actuacións de comprobación e achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar.

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS TRIBUTARIOS OU OUTROS CUXA LEXISLACIÓN ESPECÍFICA REQUIRA O CONSENTIMENTO EXPRESO

A consulta dos documentos relacionados a continuación deberá ser obxecto de autorización expresa

No caso de que as persoas interesadas non marquen o recadro de autorización expresa, deberán achegar os certificados actualizados que acrediten estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social ou o Concello de Ames ou outra documentación cuxa comprobación non autorice.

AUTORIZO A CONSULTA

Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).	☐ SI ☐ NON
Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións fronte á Seguridade Social	☐ SI ☐ NON
Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións tributarias e demais ingresos de dereito público do Concello de Ames	☐ SI ☐ NON
AUTORIZACIÓN PARA A CAPTACIÓN E DIFUSIÓN DE IMAXES PERSOAIS	
Autorizo o tratamento dos datos para a captación e difusión de imaxes persoais nos medios corporativos do Concello	☐ SI ☐ NON
Non autorizo o tratamento dos datos para a captación e difusión de imaxes persoais nos medios corporativos do Concello especificados no epígrafe dos destinatarios	☐ SI ☐ NON

SOLICITO:

Unha actuación de
☐ Agrupación de música tradicional. Grupo solicitado
☐ Coral. Coral solicitada
Con motivo da celebración da festa
Data da celebración da festa
Horario
Parroquia
Lugar
Breve descrición das actividades da festa

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
94794F58078E16456C0177DD6EC026B3B160625F
20/02/2025 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría
Alcalde

NOME:
PRADA QUEIPO, ROSA ANA
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC21040402AC69CDA47BD

--

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Ames
Finalidades do tratamento	A finalidade específica de tramitar a convocatoria das "SUBVENCIÓNS EN ESPECIE PARA ASOCIACIÓNS E COMISIÓNS DE FESTAS DO CONCELLO DE AMES NO 2025" , verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Respecto da captación e difusión das imaxes das persoas representantes, a base lexitimadora será o consentimento outorgado polas persoas interesadas no momento da solicitude.
Destinatarios dos datos	Base de Datos Nacional de Subvencións e Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia. A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento publicarase, a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa. No caso de autorizar a captación e difusión das imaxes das persoas representantes, as mesmas serán publicadas nos diferentes medios corporativos do Concello e as súas redes sociais.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación do tratamento, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais

Ames, _____ de _____ de 2025

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

DATA DE SINATURA: 20/02/2025
 HASH DO CERTIFICADO: 94794F58078E1G456C017DD6EC026B3B160625F
 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: Secretaría
 Alcalde

NOME: PRADA QUEIPO, ROSA ANA
 GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC21040402AC69CD47BD

**CONVOCATORIA DE AXUDAS EN ESPECIE PARA ASOCIACIÓNS E COMISIÓNS DE FESTAS
DO CONCELLO DE AMES NO EXERCICIO 2025**

ANEXO 2

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE PARA OS EFECTOS DE
CONFIRMAR A ACTUACIÓN DO GRUPO DE MÚSICA TRADICIONAL OU CORAL UNHA VEZ
CELEBRADA A FESTA**

Nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude (Presidente/a da entidade)	
NIF	

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

Nome da Entidade	
CIF	

DECLARO QUE:

O Grupo de música tradicional / Coral _____ actuou o día _____ de _____ de _____ co motivo da celebración da festa desta parroquia.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Ames
Finalidades do tratamento	A finalidade específica de tramitar a convocatoria das “ SUBVENCIÓNS EN ESPECIE PARA ASOCIACIÓNS E COMISIÓNS DE FESTAS DO CONCELLO DE AMES NO 2025 ”, verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Respecto da captación e difusión das imaxes das persoas representantes, a base lexitadora será o consentimento outorgado polas persoas interesadas no momento da solicitude.
Destinatarios dos datos	Base de Datos Nacional de Subvencións e Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia. A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento publicarase, a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa. No caso de autorizar a captación e difusión das imaxes das persoas representantes, as mesmas serán publicadas nos diferentes medios corporativos do Concello e as súas redes sociais.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación do tratamento, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á litude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais

Ames, _____ de _____ de 2025

O/a Presidente/a da Entidade

DATA DE CERTIFICADO: HASH DO CERTIFICADO: 94794F58078E16456C0177DD6EC026B3B160625F
20/02/2025 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: Secretaría
Alcalde

NOME: PRADA QUEIPO, ROSA ANA
GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC21040402AC69CDA47BD

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do alcalde, en Ames, a 20.02.2025, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

José Blas García Piñeiro

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

C.I.F.: P – 1500200 – I